



Obxecto:	Solicitude Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial de Interese Autonómico
Proxecto:	Parque eólico Zamorra
Concello:	Agolada (Pontevedra)
Promotor:	Green Capital Power SL
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2019/21
Expte.:	03.I.601.2021.002 (Servizo de Arqueoloxía) IA3020/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 27.09.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos titulados: *Estudio de Impacto Ambiental PE Zamorra, octubre 2020, Proyecto Sectorial PE Zamorra, marzo 2021 e Proyecto de Ejecución PE Zamorra, agosto 2021* no termo municipal de Agolada (Pontevedra).

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 14.07.2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite Informe, no marco do procedemento de consultas sobre o alcance e contido do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Zamorra. En dito informe facíanse as seguintes consideracións en relación ao patrimonio arqueolóxico:

- debera realizarse unha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado polo proxecto.
- deberá corrixiarse a localización do aeroxerador ZA-06, afastándose do contorno de protección do ben Pena das Cruces GA 36020045, para evitar que os traballos de construción e mantemento das infraestruturas proxectadas afecten a este ben.
- deberán respectarse os contorno de protección dos elementos catalogados, quedando libres de nova obra.

O 06.08.2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar ao arqueólogo J. Pablo Vaamonde Díaz, da empresa AMBIOTEC SLU, a realización da intervención *Prospección arqueolóxica intensiva para a avaliación de impacto do PE Zamorra, (Agolada, Pontevedra)*. Este proxecto de intervención recibe o código CT 102A 2020/553-0.

O 24.02.2021 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar á arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa ZETA Arqueoloxía SL, a realización da intervención *Prospección arqueolóxica para a avaliación de impacto sobre o Patrimonio Cultural do Proyecto de estudio de viabilidade para o transporte de máquinas para o Parque Eólico Zamorra, (Agolada, Pontevedra)*. Este proxecto recibe o código CT 102A 2021/136-0.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)





- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)*

A vista da documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Zamorra, localizado nas paraxes de Monte da Serra, Monte do Sesto, Costa de Oural e Coto de Amance, no termo municipal de Agolada (Pontevedra), dentro da ADE Serra da Orrea.
- No apartado 3.3. *Alternativas* sinálase que ademais da Alternativa 0, de non execución, analizáronse outras tres opcións (1, 2 e 3). Estas 3 alternativas son coincidentes na posición dos aeroxeradores, polo que as variacións prodúcense na definición dos viarios e gabias de cableado e en se o parque conta con subestación ou con centro de seccionamento. No apartado 3.4 *Alternativa seleccionada* conclúese, que a mellor alternativa para o parque é a Alternativa nº 3, pois é a que alcanza as mellores valoracións en relación ao impacto que o parque ten sobre as variables ambientais e socioeconómicas.
- Na devandita alternativa, propónse a construción dun parque eólico de 31,5 MW de potencia total, composto de 7 aeroxeradores modelo SG-145 de 4,5 MW de potencia nominal, 127,5m de altura de buxa e 145m de diámetro de rotor. Asemade, contará coa seguinte infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aeroxeradores, gabias de cableado e rede de terras, arquetas de rexistro, zonas de provisión, zonas de xiro, torre meteorolóxica e centro de seccionamento.
- Para a evacuación da enerxía xerada polo PE Zamorra proxéctase unha liña de media tensión a 30kV, que discorrerá dende o Centro Seccionamento Zamorra ata a SET do PE Estivada 30/132kV, a partir da cal evacúase mediante unha LAAT 132kV, denominada "Solución evacuación conxunta PE Zamorra, PE Estivada e PE Carballeda", liña á que se entronca a procedente do PE Carballeda para ir ata a SET PE Turubelo 30/132kV. Dende este punto a enerxía evacúa conxuntamente coa procedente dos outros parques ata a subestación colectora previa a Silleda mediante a LAT 132 kV SET PE Turubelo-LAT132kV SET PE Rodeira/SET Colectora Silleda, onde a enerxía se transformará a 400kV e evacuarase mediante unha LAAT 400kV para chegar á SET Silleda 400kV, propiedade da Rede Eléctrica de España.
- Debido á distribución do parque, os accesos faranse dende dous puntos diferentes da estrada PO-840: dende o PQ 62+290 para chegar aos aeroxeradores ZA-01, ZA-02, ZA-03, ZA-04 e ZA-05, e dende o PQ 63+500 para acceder ás posicións ZA-06 e ZA-07.

O ancho mínimo útil dos viarios será de 5m para viarios internos do parque e de 3,5m no caso do acceso á torre meteorolóxica.

- A identificación dos bens que conforman o patrimonio cultural, e en particular os elementos do patrimonio arqueolóxico, a valoración do impacto que poden sufrir e as medidas correctoras e/ou compensatorias a adoptar para minimizar as afeccións e salvagardalos, analízanse en detalle no Anexo 3 *Patrimonio cultural*, que se acompaña ao EIA como documento independente. Outros apartados do documento remiten ao devandito Anexo ou recollen as conclusións e medidas establecidas no mesmo, por exemplo os apartados 4.13 *Patrimonio Cultural*, apartado 7.9 *Protección del patrimonio cultural* ou apartado 5.6.9.1 *Determinación del impacto sobre el patrimonio cultural*.
- No subapartado 5.6.9. Impacto sobre el patrimonio cultural y la contemplación del paisaje do EsIA determínase o impacto sobre o patrimonio arqueolóxico das 3 alternativas, concluíndo con respecto a Alternativa 3 (a elixida) cunha valoración pro-medio de 7,36. Finalmente, realizase unha valoración integrando tódalas variables implicadas e conclúese, con respecto ao patrimonio cultural en xeral cunha valoración de 8.40 (compatible).
- O Anexo 3 *Patrimonio cultural* recolle, a modo de apéndice, dous documentos independentes, referidos a dúas intervencións arqueolóxicas realizadas na área de implantación do PE Zamorra, a saber:
 - Apéndice 01: *Memoria técnica da Prospección arqueolóxica intensiva para a avaliación de impacto do PE Zamorra*, no concello de Agolada (Pontevedra), dirixida polo arqueólogo J. Pablo Vaamonde Díaz da empresa AMBIOTEC SLU (CT 102A 2020/553-0).





- Apéndice 02: *Memoria técnica da Prospección arqueolóxica para a avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Proyecto de estudio de viabilidade para o transporte de máquinas para o Parque Eólico Zamorra*, concello de Agolada (Pontevedra), dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro da empresa ZETA Arqueología SL (CT 102A 2021/136-0).
- O **Apéndice 01** (intervención CT 102A 2020/553-0), realiza unha valoración dende o punto de vista do patrimonio cultural das 3 alternativas que se propoñen no EslA. O documento analiza os impactos culturais para todo o parque eólico, viarios interiores e elementos asociados salvo o acceso S a través da EP-6304 e EP-6302. Tamén fai unha proposta de medidas correctoras e/ou preventivas xerais e específicas, e unha valoración económica das mesmas.

Sinálase que, vistas as tres alternativas seleccionadas, apenas existen variacións de impacto entre as elas. A única diferenza detectada establécese para o elemento *Petróglifo de Pena das Cruces* GA 3602045, xa que a Alternativa 1 xera un impacto moderado sobre o mesmo mentres que as Alternativas 2 e 3 non afectan á área de cautela do xacemento.

No apartado 4. Marco legal o arqueólogo sinala que *o concello de Agolada réxese pola normas subsidiarias de planeamento, pero que dende o punto de vista patrimonial resultan obsoletas e incompletas a día de hoxe. Polo que se consultou na páxina web do concello de Agolada o PXOM, con aprobación inicial, que ofrece unha moi completa información sobre o patrimonio cultural (catálogo e planos), cuns ámbitos de protección ben definidos e axustados, deste modo, na presente memoria técnica plásmanse os ámbitos de protección legais dos elementos catalogados no citado planeamento con aprobación inicial; no que non estea contemplado no citado Plan estarase ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.*

O documento explica que para facer a avaliación de impacto é necesario a localización e identificación de tódolos bens arqueolóxicos da área de estudio, entendendo por tal un buffer de 200m con respecto ao perímetro do trazado proxectado, estea ou non dentro da poligonal. De acordo con el leváronse a cabo as seguintes accións:

- baleirado de toda a información patrimonial da área de estudio (Arquivo de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, Normas Subsidiarias de Planeamento do 14/05/1987, Catálogo do PXOM de Agolada con aprobación inicial de 17/03/2016, planimetría LIDAR, toponimia,...etc).
- prospección arqueolóxica de campo
- elaboración do catálogo de elementos patrimoniais, coa caracterización dos bens, valoración de impactos e proposta de medidas correctoras.

No apartado 6. *Resultados* conclúese que durante os traballos de campo non se puido acceder a unha zona de forte pendente, lindeira coa estrada PO-840, que se atopa densamente poboada de eucalipto e monte baixo (zona de visibilidade reducida VR-1). Asemade, identifícanse 42 elementos patrimoniais (22 arqueolóxicos, 6 arquitectónicos e 14 etnográficos) e 2 novos topónimos: TOP-1 O Castro e TOP-2 Ponte do Muíño.

- Bens arqueolóxicos: *Mámoa 1 do Monte das Mámoas* GA 36020024, *Mámoa 2 do Monte das Mámoas* GA 36020175, *Mámoa 3 do Monte das Mámoas* GA 36020176, *Mámoa 4 do Monte das Mámoas* GA 36020177, *Mámoa 5 do Monte das Mámoas* GA 36020178, *Mámoa 6 do Monte das Mámoas* GA 36020208, *Mámoa 7 do Monte das Mámoas* GA 36020295, *Mámoa de Berredo* GA 36020021, *Mámoa de Berredo 2* GA 36020317 (inicialmente inédito), *Mámoa de Martiña* GA 36020023, *Petróglifo de Pena das Cruces* GA 36020045, *Mámoa de Buxel* GA 36020214, *Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas* GA 36020025, *Castro de Buxel* GA 36020033, *Mámoa da Ponte da Vila 1* GA 36020022, *Mámoa da Ponte da Vila 2* GA 36020170, *Mámoa da Ponte da Vila 3* GA 36020171, *Mámoa da Ponte da Vila 4* GA 36020172, *Mámoa da Ponte da Vila 5* GA 36020173, *Mámoa da Ponte da Vila 6* GA 36020174, *Mámoa do Monte da Costa 1* GA 36020044 e *Castro do Sino* GA 36020042.

Nos apartados 6 e 7 da memoria de prospección preséntase ficha individualizada e análise de impacto daqueles bens arqueolóxicos que se consideran afectados e que requiren a aplicación de medidas correctoras específicas que eliminen ou minimicen a afección. O resto de elementos considéranse sen afección e simplemente son grafados na planimetría.

- No apartado 8. *Propuesta de medidas correctoras* sinálanse os elementos do patrimonio arqueolóxico avaliados e as medidas correctoras específicas propostas:





Elemento	Axente de impacto Alternativa 3	Medidas correctoras específicas	Cualificación do Impacto
Mámoa de Berredo, GA 36020021	Gabia de cableado a 41m polo Sur+ viario acceso a ZA-05	Control arqueolóxico continuo	Moderado
Mámoa de Berredo 2, GA 3602317	Gabia de cableado a 32m polo SW	Control arqueolóxico continuo	Moderado
Mámoa de Martiña, GA 36020023	Gabia de cableado a 42m polo N	Control arqueolóxico continuo	Moderado
Petróglifo de Pena das Cruces, GA 36020045	Obra a 203m		Sin impacto
Mámoa de Buxel, GA 36020214	Gabia de cableado a 3 m polo Sur	Control arqueolóxico continuo+ balizado permanente+ obras axustadas no posible ao viario actual	Severo
Sepulturas de Buxel/ Necrópole de Penelas, GA 36020025	Gabia de cableado a 3 m polo Oeste	Control arqueolóxico continuo+ balizado permanente+ obras axustadas no posible ao viario actual	Severo
Mámoa da Ponte da Vila 1, GA 36020022	Gabia de cableado a 17 m polo Oeste	Control arqueolóxico continuo+ balizado permanente+ obras axustadas no posible ao viario actual, en todo caso polo lado contrario ao ben	Severo
Mámoa da Ponte da Vila 2, GA 36020170	Gabia de cableado a 69 m polo Oeste	Control arqueolóxico continuo+ + obras axustadas no posible ao viario actual, en todo caso polo lado contrario ao ben	Moderado
Mámoa da Ponte da Vila 3, GA 36020171	Gabia de cableado a 112 m polo Oeste	Control arqueolóxico continuo+ obras axustadas no posible ao viario actual, en todo caso polo lado contrario ao ben	Moderado
Mámoa da Ponte da Vila 4, GA 36020172	Gabia de cableado a 68 m polo Oeste	Control arqueolóxico continuo+ obras axustadas no posible ao viario actual, en todo caso polo lado contrario ao ben	Moderado
Mámoa da Ponte da Vila 5, GA 36020173	Gabia de cableado a 37 m polo Leste	Control arqueolóxico continuo	Moderado
Mámoa da Ponte da Vila 6, GA 36020174	Gabia de cableado a 2 m polo Oeste	Control arqueolóxico continuo+ balizado permanente+ obras axustadas no posible ao viario actual, en todo caso polo lado contrario ao ben	Severo
O Castro, TOP 1	Gabia de cableado	Control arqueolóxico continuo	
Zona de visibilidade reducida	Gabia de cableado	Roza baixo control arqueolóxico	

- **Bens arquitectónicos e etnográficos:** Segundo a Memoria técnica do Apéndice 01, dos elementos arquitectónicos e etnográficos só un deles veríase afectado polas obras do parque eólico, sería o seguinte:
 - **ART-1. Casa de Castro ou Casa grande da Baíña. Agolada.** Trátase dunha construción do século XVI, incluída no catálogo do Plan básico autonómico e polo tanto no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Segundo o documento, a infraestrutura máis próxima é a gabia de cableado da LMT situada no ámbito da estrada que pasa a carón do elemento. Na alternativa seleccionada a distancia é de 18 m. Cualifícase o impacto como moderado e como medida correctora de carácter específico propónse o control e seguimento arqueolóxico continuo das remocións de terra a realizar dentro do ámbito de protección do elemento.
- Ademais das medidas correctoras específicas descritas anteriormente, o apartado **8.1 Medidas cautelares o preventivas de carácter general** engade de xeito xenérico: informar aos responsables de obra mediante cartografía grafada cos elementos patrimoniais e a prohibición de usar as áreas de protección dos elementos patrimoniais para instalacións auxiliares de obra.
- O **Apéndice 02** (intervención CT 102A 2021/136-0), recolle a avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural que podería xerar a mellora de estradas EP-6304 e EP-6302 para permitir o paso dos transportes especiais que trasladan os compoñentes das máquinas SG-145 aos seus puntos de implantación. A avaliación arqueolóxica céntrase na banda de 200m arredor dos chamados Puntos





Críticos nº 13 a nº 33. O documento sinala que para a avaliación de impacto sobre o patrimonio leváronse a cabo as seguintes accións:

- baleirado de toda a información patrimonial da zona a estudo (Arquivo de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, Normas Subsidiarias de Planeamento de Agolada (14/05/1987), Plan Básico Autonómico, bibliografía da zona, cartografía, planimetría LiDAR, toponimia, ...etc).
- prospección arqueolóxica con carácter extensivo nun buffer de 500m da infraestrutura a avaliar e con carácter intensivo na banda dos 200m.

Finalizados os traballos de prospección sinálase que zona avaliada existen 16 elementos de interese patrimonial (7 arqueolóxicos, 3 arquitectónicos e 6 etnográficos)

- **Bens arqueolóxicos:** *Castro do Sino* GA 36020042, *Túmulo da Braña 1* Túmulo 01, *Túmulo da Braña 2* Túmulo 02, *Túmulo da Braña 3* Túmulo 03, *Túmulo de Casas Novas 1* Túmulo 04, *Túmulo de Casas Novas 2* Túmulo 05, *Petróglifo de Cebolido* Petróglifo 01. Segundo a arqueóloga todos eles sofren un impacto compatible.
- No punto 9. *Propuesta de medidas correctoras* propóñense as seguintes medidas correctoras de carácter xeral:
 - a realización de control arqueolóxico dos traballos de replanteo e remoción de terras.
 - comunicación da localización de calquera obra non recollida no proxecto.
 - sinalización dos bens e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
 - revisión pormenorizada do replanteo previo ás obras para verificar que estas non afecten a elementos do patrimonio cultural non recollidos no presente estudo de impacto.
 - No caso de que na fase de replanteo ou construción atopáranse novos xacementos ou elementos de interese patrimonial aplicáranse a maiores as seguintes medidas correctoras:
 - balizamento con material non perecedeiro dos elementos patrimoniais antes do comezo das obras.
 - prohibición de realización remocións de terra non controladas nas inmediacións dos elementos de interese patrimonial.
 - restrición das obras a realizar no entorno dos xacementos ao proxectado.

Para os elementos arqueolóxicos afectados polas obras da infraestrutura eólica propóñense as seguintes medidas correctoras específicas:

Elemento	Axente de impacto	Medidas correctoras específicas	Cualificación do Impacto
Castro do Sino, GA 36020042	Gabia de cableado + acondicionamento viario a 76m Oeste	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Túmulo da Braña 1, Túmulo 01	Tala de arbolado a 137m Sur	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Túmulo da Braña 2, Túmulo 02	Tala de arbolado a 112m Sur	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Túmulo da Braña 3, Túmulo 03	Tala de arbolado a 122m Sur	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Túmulo de Casas Novas 1, Túmulo 04	Tala de arbolado a 162m Sur	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Túmulo de Casas Novas 2, Túmulo 05	Tala de arbolado a 194m Sur	Control arqueolóxico presencial	Compatible
Petróglifo do Cebolido, Petróglifo 01	Tala de arbolado a 126m Sur	Control arqueolóxico presencial	Compatible

- **Bens etnográficos:** Os elementos arquitectónicos e etnográficos con algún tipo de impacto serían os seguintes:
 - **Muíño 01. Casas novas. San Pedro da Baíña. Agolada.** Trátase dun muíño hidráulico pequeno, non catalogado. Afectada a súa área de cautela por obras de roza da vexetación e retirada de sinais verticais (actuacións 14 e 15).
 - **Pontella 01. Casas novas. San Pedro da Baíña. Agolada.** Trátase dunha pontella con tallamares e lousas de pedra, non catalogada. Afectada a súa área de cautela por obras de roza da vexetación e retirada de sinais verticais (actuacións 14 e 15).
 - **Cruceiro 01. Costela. San Pedro da Baíña. Agolada.** Posible elemento dun viacrucis, non catalogado. Afectada a súa área de cautela por obras de roza da vexetación e retirada de sinais verticais (actuación 19). Non están previstas remocións de terras.





- **Cruceiro 02. Sangorza. Santa María do Val de Sangorza. Agolada.** Trátase dun cruceiro con imaxes, non catalogado. Afectada a súa área de cautela por obras de soterrado de liña eléctrica, e acondicionamentos da estrada para o paso dos transportes (actuación 29). Proxéctase sobreancho, na beira da estrada oposta ao elemento.

Cualifícase o impacto nos catro casos como compatible e propónse como medida correctora de carácter específico o control arqueolóxico presencial nas actuacións a realizar dentro da cautela dos elementos.

Proxecto de Interese Autonómico

O proxecto de interese autonómico estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.

- No apartado 3.5 *Proteccións urbanísticas y proteccións arqueolóxicas* sinálase que para deseñar o parque se tivo en conta o patrimonio arqueolóxico recollido no planeamento vixente e que non se espera unha afección directa sobre as áreas de protección dos bens. Con todo, parte dos viarios existentes que se van utilizar para dar acceso aos aeroxeradores discorren por áreas de protección recollidas no PBA. Nestes casos, pese a que a infraestrutura viaria xa existe, pode ser necesario realizar gabias para cableado e pequenas modificacións na traza, para adecuala aos requisitos dos transportes especiais. No ESIa recóllense as medidas necesarias para minimizar e corrixir os efectos negativos no patrimonio.
- No punto *Conservación del patrimonio natural y cultural* do apartado 6.1.1 *Sostenibilidad* sinálase que en calquera caso, será necesaria a realización dunha prospección arqueolóxica para determinar a posición exacta dos xacementos existentes na zona, e no caso de ser necesario, establecer as medidas correspondentes para a súa protección, facilitando a súa conservación. Asemade, durante a fase de construción manterase un estrito seguimento arqueolóxico para evitar posibles afeccións a bens inicialmente non localizados.
- Finalmente sinálase que o patrimonio cultural, e o patrimonio arqueolóxico en particular, son analizados en detalle no Anexo 3 do ESIa.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O Anexo 3 *Patrimonio cultural* presenta dous documentos independentes para avaliar o impacto do parque eólico sobre o patrimonio cultural. Estes documentos correspóndense con dúas intervencións arqueolóxicas diferentes.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados e avaliados o seu impacto no Anexo 3. *Patrimonio Cultural* do documento ambiental.
- A *Mámoa de Berredo GA 36020021* é "localizada" polo arqueólogo nas coordenadas X-578902 e Y-4741704. Esta posición está lixeiramente ao NL da grafada no PBA. A descritiva da ficha sinala que o *elemento probablemente está desaparecido* e o que se pode observar en campo é *unha leve tumulación en base ao crecemento diferencial da vexetación*.
- A *Mámoa de Berredo 2 GA 36020317* é segundo o arqueólogo un elemento inédito. Tendo en conta os diferentes visores consultados polo Servizo de Arqueoloxía da DXPC e a descritiva da ficha histórica do ano 1989, esta é a *Mámoa de Berredo GA 36020021*.
- Moi próximo a *Mámoa de Berredo GA 36020021*, pero na outra beira da estrada que será empregada para acceder ao aeroxerador ZA-05, nas coordenadas X-578880 e Y-4741602 (ETRS89/UTM F-29), obsérvase unha anomalía topográfica que podería relacionarse coa existencia dun túmulo megalítico.
- Recentemente, chegou á DXPC documentación referente a posible existencia doutros dous túmulos ao SW da devandita *Mámoa de Berredo GA 36020021*. As coordenadas destes elementos, tendo en conta o datum ETRS89/UTM F-29, son: Elemento 1 X-578550 e Y-4741481 e Elemento 2 X-578580 e Y-4741458.
- A *Mámoa de Martiña GA 36020023* rastrease en campo segundo as coordenadas do PBA. Nesta posición, o arqueólogo di que non se detecta tumulación algunha e que posiblemente a mámoa está desaparecida. Tendo en conta os diferentes visores consultados polo Servizo de Arqueoloxía da DXPC e





a descritiva da ficha histórica do ano 1989, este túmulo podería situarse máis ao Leste, nas coordenadas X-577958 e Y- 4741262 (ETRS89/UTM F-29).

- O *Petróglifo de Pena das Cruces* **GA 36020045** rastrease en campo segundo as coordenadas do PBA. Nesta posición, o arqueólogo di que se localiza un afloramento cuberto de musgo, xestas e toxos e que non puido comprobar o estado dos gravados. Tendo en conta os diferentes visores consultados polo Servizo de Arqueoloxía da DXPC e a descritiva da ficha histórica do ano 1989, o petróglifo debe atoparse moito máis ao Sur nos afloramentos que hai non moi lonxe da necrópole megalítica de Ponte da Vila. As coordenadas aproximadas son X-580096 e Y- 4740232 (ETRS89/UTM F-29).
- Os xacementos: *Mámoa de Buxel* **GA 36020214**, *Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas* **GA 36020025**, *Mámoa da Ponte da Vila 1* **GA 36020022**, *Mámoa da Ponte da Vila 2* **GA 36020170**, *Mámoa da Ponte da Vila 3* **GA 36020171**, *Mámoa da Ponte da Vila 4* **GA 36020172**, *Mámoa da Ponte da Vila 5* **GA 36020173** e *Mámoa da Ponte da Vila 6* **GA 36020174** non ven afectada a súa área de cautela pola gabiá de cableado para pasar a liña de media tensión como se indica no Apéndice 01 do Anexo 3, senón que unicamente terían afeccións derivadas do acondicionamento do viario que da acceso aos aeróxeradores ZA-06 e 07 (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, desmontes, terrapléns, limpeza de vexetación, etc). Neste senso sinalase, como medida correctora, que as obras serán axustadas **no posible** ao viario actual, en todo caso polo lado contrario ao ben, pero en ningún momento se presenta planimetría en detalle na que se poidan visualizar as afeccións concretas aos elementos arqueolóxicos nin se sinala en texto. Por todo isto, debe considerarse que a avaliación de impacto non é correcta.
- A *Mámoa de Buxel* **GA 36020214** foi localizada no ano 2004 nas coordenadas X-580040 e Y-4740100; actualmente atópase grafada no PBA nas coordenadas X-579908 e Y-4739931, nunha finca lindeira coa PO-840. No momento da súa catalogación dubidase da súa clasificación como túmulo e na revisión actual que fai o arqueólogo sinalase que *"se atopa practicamente arrasada polos traballo de acomodo do terreo para prado, non observándose cono de violación, nin restos pétreos relacionados"*.
- Asemade, no apartado 3 do Anexo 12. *Estudio de viabilidad para el transporte de máquinas*, do Proxecto de Execución do PE Zamorra (agosto 2021), analízanse en detalle os puntos críticos dos viarios de acceso ao parque eólico. Entre outros, estudase o acceso aos aeróxeradores ZA-06 e ZA-07 a altura do desvío da estrada PO-840, entre a Mámoa de Buxel **GA 36020214** e as *Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas* **GA 36020025**. En concreto, a Lámina P34 mostra como a traza discorrerá sobre a Mámoa de Buxel, arrasando o xacemento. O que supón unha modificación substancial do proxecto presentado noutros planos da documentación remitida, onde este acceso se realiza máis ao Suroeste, aproveitando a traza antiga de estrada PO-840.
- O *Castro de Buxel* **GA 36020033**, ve afectada a súa área de cautela polas obras de acondicionamento de viario de acceso aos aeróxeradores nº 6 e 7, localizadas a 181m ao Norte. A pesar de que aparece grafado na planimetría e se nomea de pasada cando se fala das afeccións ás áreas de protección dos xacementos *Mámoa de Buxel* **GA 36020214** e *Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas* **GA 36020025**, considérase un elemento sen afección no apartado 6.2 *Registro de elementos patrimoniales* e polo tanto non se presenta ficha individualizada de análise de impacto e medidas correctoras.
- A *Mámoa da Ponte da Vila 5* **GA 36020173** atópase grafada nas coordenadas X-580.239 e Y-4.740.291, coincidindo coa posición establecida no Plan Básico Autonómico. Segundo os datos primixenios, correspondentes coa ficha de 1989 do Arquivo de Xacementos Arqueolóxicos, este túmulo atópase moi arrasado é a súa localización histórica está moito máis ao Sur e o Leste do actual viario, a escasos metros do **GA 36020170**. Polo que esta debe ser a posición a comprobar en campo. Con respecto, a "leve elevación do terreo" detectada nas coordenadas UTM do PBA deberase considerar a posibilidade de estar ante un túmulo novo.
- Ademais dos elementos recollidos no Anexo 3 do EsIA detéctase, segundo a información dispoñible nas distintas ortofotografías, visores cartográficos, mapas de sombreado e planos de pendentes, unha anomalía topográfica de posible interese arqueolóxico que deba ser comprobada en campo. Este posible elemento sitúanse nas coordenadas X: 580303 e Y: 4739914 (ETRS89/UTM F-29), e podería corresponder a unha nova mámoa no entorno da necrópole megalítica de Ponte da Vila.
- Na documentación no ven analizadas as afeccións que a implantación da infraestrutura eólica xera sobre o *Castro de Artoño* **GA 36020312**, que verá impactada a súa área de cautela polas obras de acondicionamento do viario de acceso que pasa o Norte do xacemento, a apenas 50m.





- Tanto na intervención da empresa AMBIOTEC como a da empresa ZETA Arqueoloxía faise alusión ao topónimo *Casa Grande do Castro* TO 36020002. Este elemento, catalogado por primeira vez no ano 1989, é recollido como inédito pola empresa AMBIOTEC e analizado pola empresa ZETA Arqueoloxía nunha parcela chaira lindeira coa estrada EP-6302, moi lonxe da súa localización real.
- No concello de Agolada e a apenas 900 m das instalacións do parque eólico, dentro da súa poligonal, sitúase a **Igrexa de Santa María de Berredo**, elemento pertencente ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, que destaca pola súa ábsida románica.

No informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 14.07.2020 sobre o documento de inicio, indicábase: *"a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural deberá completarse cun estudo específico da afección visual desde o conxunto parroquial de Berredo que inclúa tamén infografías nas que se visualice, de ser o caso, a relación entre a ábsida románica e os aeroxeradores máis próximos"*. Cómpre sinalar que entre a documentación ambiental achegada polo promotor, non figura o devandito estudo da afección visual sobre a igrexa de Berredo.

- Proxéctanse obras relacionadas co acceso aos aeroxeradores ZA01, ZA02, ZA03 no contorno de protección da **Casa de Castro ou Casa grande da Baíña**, elemento pertencente ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Conforme aos artigos 39 e 45 da Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), a actuación debe de contar coa autorización da Consellería de Cultura.

No Anexo 3 *Patrimonio Cultural* non se ten en conta esta afección pois soamente se analiza a afección da gabiá de cableado no documento correspondente ao Apéndice 01, pero non as obras no vial de acceso.

- Asemade, proxéctanse obras no contorno de protección do **Cruceiro 02**, no lugar de Sangorza. Trátase dun elemento non catalogado, identificado no anexo 3 *Patrimonio Cultural* do documento ambiental. A situación do ben na beira dunha estrada, que pode usarse polos vehículos da obra, con actuacións previstas de sobreancho da estrada e soterrado de liña eléctrica, supón un risco para a integridade do cruceiro, polo que é necesario a aplicación das medidas correctoras establecidas no antedito Anexo 3 (Apéndice 02).
- Respecto ao proxecto sectorial (Marzo 2021), compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do estudo de impacto ambiental (Xuño 2021).
- Na planimetría do proxecto sectorial, planos de clasificación urbanística proposta, aparecen grafados soamente os bens recollidos no PBA, mentres que non reflicten os elementos non catalogados, e identificados no Anexo 3 *Patrimonio Cultural*.

INFORME

A vista da documentación remitida e da que consta nesta Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, considérase que é necesaria unha **nova avaliación** do impacto da infraestrutura eólica sobre o patrimonio cultural, que dea resposta a tódalas consideracións técnicas establecidas no apartado anterior. Neste senso debe elaborarse un novo e único documento, que substitúa a documentación presentada no Anexo 3 do EslA. Terase en conta as seguintes consideracións:

- A **Mámoa de Berredo GA 36020021** "versus" **Mámoa de Berredo 2 GA 36020317**, considerárase que soamente hai un xacemento, localizado nas coordenadas do elemento denominado **Mámoa de Berredo 2 GA 36020317**, identificado como inédito polo arqueólogo.
- Revisárase en campo a presenza de posibles bens arqueolóxicos nas seguintes seguintes coordenadas (ETRS89/UTM F-29):
 - Elemento 1: X-578880 e Y-4741602,
 - Elemento 2 X-578550 e Y-4741481,
 - Elemento 3 X-578580 e Y-4741458.
 - Elemento 4: X: 580303 e Y: 4739914.
- No caso de confirmarse a presenza de novos bens arqueolóxicos, avalíase o impacto das obras sobre eles, estableceranse as medidas correctoras oportunas e aportarase ficha individualizada con descritiva en detalle.
- Deberase aclarar a localización da **Mámoa de Martiña GA 36020023** e o **Petróglifo de Pena das Cruces GA 36020045**, tendo en conta as coordenadas (ETRS89/UTM F-29) X-577958 e Y- 4741262 para a primeira e as coordenadas X-580096 e Y- 4740232 para o segundo.





- Avaliarase correctamente o impacto que a implantación da infraestrutura eólica ten sobre a *Mámoa de Buxel* **GA 36020214**, as *Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas* **GA 36020025**, a *Mámoa da Ponte da Vila 1* **GA 36020022**, a *Mámoa da Ponte da Vila 2* **GA 36020170**, a *Mámoa da Ponte da Vila 3* **GA 36020171**, a *Mámoa da Ponte da Vila 4* **GA 36020172**, a *Mámoa da Ponte da Vila 5* **GA 36020173** e a *Mámoa da Ponte da Vila 6* **GA 36020174** tendo en conta que non ven afectada a súa área de cautela pola gabiá de cableado senón polas obras de acondicionamento do viario de acceso aos aeroxeradores ZA-06 e ZA-07.
- Deberase aclarar si a traza proposta no Punto Crítico nº 34 (apartado 3. del Anexo 12. *Estudio de viabilidad para el transporte de máquinas* dentro do Proxecto de Execución do PE Zamorra (agosto 2021), á altura da *Mámoa de Buxel* **GA 36020214** e das *Sepulturas de Buxel/Necrópole de Penelas* **GA 36020025**, é correcta ou incorrecta. No caso de ser incorrecta, presentarase un estudio de viabilidade coa proposta axeitada.
- A *Mámoa da Ponte da Vila 5* **GA 36020173** avaliarase tendo en conta a localización nas fichas orixinais de ano 1989. De confirmarse a presenza dunha mámoa nas coordenadas X-580.239 e Y-4.740.291, considerarase un novo elemento arqueolóxico.
- A avaliación de impacto debe ter en conta tódolos bens arqueolóxicos que se atopen dentro da poligonal, considerando esta como área afectada pola implantación do parque eólico. En todo caso, avaliarase o *Castro de Buxel* **GA 36020033** e o *Castro de Artoño* **GA 36020312**, bens arqueolóxicos a menos de 200m das obras proxectadas.
- Corrixirase a localización, a denominación e se é o caso a categoría do topónimo *Casa Grande do Castro* TO 36020002. Neste senso, terase en conta os mapas de pendentes e os sombreados LiDAR.
- Ao obxecto de actualizar o Arquivo de Xacementos Arqueolóxicos e así dar cumprimento ao artigo 10.3. do *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997), elaborárase ficha individualizada con descritiva de detalle e a documentación gráfica necesaria para que quede constancia do **estado actual** dos bens afectados pola infraestrutura eólica.
- Aportarase un estudo específico da afección visual desde a **Igrexa de Santa María de Berredo**, tal como se requiriu no informe da Dirección Xeral de Patrimonio cultural do 14.07.2020.

Deberá realizarse unha análise detallada dos puntos en que poidan ser visibles as infraestruturas desde a igrexa e, en especial, desde a súa ábsida. Desde estes puntos, nos que exista un maior impacto visual, deberán realizarse unha serie de recreacións, baseadas en fotografías obtidas in situ, nas que se vexa a edificación, mirando cara ao parque, sobre as que se montarán, a escala, as infografías dos aeroxeradores, que deberán verse de xeito nítido sobre o horizonte, sempre elixindo os máis próximos ou que poidan provocar unha maior afección, para poder avaliar o antedito impacto de xeito adecuado.

- En relación co acceso aos aeroxeradores ZA01, ZA02, ZA03, deberá definirse e avaliar o impacto das obras no contorno de protección do elemento catalogado (**Casa de Castro ou Casa Grande da Baíña**). Esta documentación deberá conter fotografías da zona afectada e planimetría de detalle acoutada, con seccións transversais nas que se represente o elemento catalogado en relación coa obra proxectada, así como unha proposta de medidas correctoras específicas para a integración das obras no contorno de protección afectado.

De todas formas, cómpre sinalar que como medida correctora para compatibilizar as obras deberá proporse o desprazamento da rectificación da curva o máximo posible cara ao leste para afastarse do elemento protexido e afectar o menos posible ao seu contorno de protección.

- A partir da nova documentación a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, elaborará o informe correspondente ao EslA e o PIA.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

